

Milovan Glišić

# Noventa anos despois

Traducido por Jairo Dorado Cadilla



Vólvense os paxaros contra as escopetas

Naquel tempo, cando os de Zarožje<sup>1</sup>, entre outras cousas, arrombaban as noces no faiado con forcas, regaban os salgueiros e cultivaban sal, ían ao monte en grupos para cortaren escarvades coa machada, escouceaban as táboas, choutaban para se deitaren nas nubes e levaban ascuas para a casa coa man..., había un tal Živan Dušman, o *kmet* de Ovčina<sup>2</sup>, que tiña unha filla de engaiolante beleza. Algúns xa empezaran a lle pedir matrimonio, pero Živan non quería nin oír falar do asunto. Dicían que mallara nun dos pretendentes... A saber se sería verdade.

Fose como for, daquela Živan empezara a lle berrigar moito á filla. O certo é que berrar tamén lles berraba a todos os da casa, aínda que non tanto como á filla.

---

<sup>1</sup>Zarožje é unha aldea situada no concello de Bajina Bašta, no val do Drina, na parte occidental de Serbia.

<sup>2</sup>Dušman é un termo que fai referencia a unha persoa ruín e de máis intencións. En canto a *kmet*, trátase dun termo para designar un sistema de servidume típico dos Balcáns no que o labrego era propietario das terras. Por extensión, nalgunhas linguas eslavas funciona como sinónimo de labrego; posteriormente denominaría un labrego sobranceiro escollido polos seus semellantes para exercer o cargo de xuíz e alcalde. Por último, Ovčina –coñecida na actualidade coma Ovčinja– é a aldea que linda con Zarožje.

Unha mañá, cando a moza sacaba o rabaño para o levar ao pasteiro, Živan saíu da vivenda e chamou por ela:

—Escóitame, Radojka?!

—Escoito, meu pai! —contestou amodo, inqueda.

—Se te volvo ver coa rabañada polo pasteiro, non volvas para a casa! A que andas por alí? Seica non hai pasto noutros prados?

—Hai... Xaora que si... —tatexou Radojka.

—E non vai haber! Pero o que non hai é ese lan-grán de Strahinja, a tocar a *dvojnica*<sup>3</sup>! Como o colla..., arríncole a pel!

Radojka abaixou o ollar mentres tremía coma un vimbio.

—Leva o rabaño ao rañadoiro! —bramou Živan, que entrou na casa malhumorado.

Ela buliu cara ao pasteiro, o que quedaba xusto detrás da casa. De cando en cando, paraba a escoitar.

Na vivenda sentíase unha algarada. Živan bramaba e gritaba, batendo en todos. Dous dos cativos saíron da casa entre choros.

Radojka apurou o rabaño para se afastar e deixar de oír a barafunda. Era unha moza tranquila e humilde coma un año.

Živan era o contrario dela, e por iso o alcumaban «Dušman». Era moi dado a prender na pelexa, máis mesmo ca a beber augardente. Decote chegaba ás mans. Des que o fixeran *kmet*, atufábase seguido.

---

<sup>3</sup>Unha das frutas típicas dos pastores dos Balcáns. Está composta por dous cilindros, a diferenza da maioría das frutas da rexión, coma a *frula*.

Radojka aburara as ovellas e, pasado o pasto, deixou as ceibas para que acudisen en por si ao salgueiral, na outra beira do promontorio. Sentou á beira do camiño, na herba, sacou da fardela as agullas e comezou a calcetar.

Nin tres puntos fixera cando Strahinja se presentou alí, no salgueiral, diante dela.

—Que susto me deches, Strahinja! —díxolle Radojka, que se arredou medrosa.

—Como é que traes o rabaño a pastar aquí? —preguntou Strahinja cun sorriso.

—Aire! Que o meu pai aínda me ha zoscar!

—Ben que sei que non deixa que nos vexamos.

—Ponme medo que o saiba... Ficou na casa. Creio que mallou nos cativos... Eu fuxín para non o ter que escoitar.

—Será desalmado! —dixo Strahinja.

—Á mañanciña quixo bater no tío Sredoje...

—Foi cas vosa? —preguntou axiña Strahinja, tremendo.

—Quen?

—O tío Sredoje.

—Veú, de mañá cedo; o meu pai acababa de se lavar cando chegou.

—E?

—Pois non sei de que falaban... cando o meu pai empezou a rifar. O tío Sredoje xa se ía, e aínda así, cheo de carraxe, espetoulle: «Que andas a latricar ti? Se cho comentei, non foi coa intención de magoarte...». E marchou, sen tan sequera despedirse.

